

O PP está a facer a mesma campaña que xa fixeran no 2011, críticas ao “derroche” do tripartito e promesas repetidas de novo de que van facer o que non fixeron nestes catro anos.

Cando os PP asumiron a alcaldía, atopáronse cunhas contas saneadas, e o primeiro que fixeron despois de todo o que levaban criticado foi distribuír entre eles adicacións exclusivas, parciais e retribucións por servizos prestados.

### ISTO É O QUE NOS COSTA OS VECIÑOS DE CEDEIRA ESTE GOBERNO DO PP:

ORGANOS DE GOBERNO DO PP	XORNADA TRABALLO	RETRIBUCIÓNS ANUAL	S. SOCIAL ANUAL	TOTAL COSTE 2014 ANUAL
LUÍS RUBIDO RAMONDE	MEDIA XORNADA	18.000€	7.507€	25.507€
ALFREDO VILELA SANTALLA	XORNADA COMPLETA	28.000€	11.678€	39.678€
ALMUDENA MOLINA PÉREZ	9 HORAS/SEMANA	6.265€	2.613€	8.878€
MARIA LUISA PÉREZ PRIETO	9 HORAS/SEMANA	6.265€	2.613€	8.878€
JOSE LUÍS PARADA FREIRE	MEDIA XORNADA	19.600€	8.175€	27.775€
OLGA IGLESIAS BREIJO	XORNADA COMPLETA	10.584€	4.414€	14.998€
CARLOS ROMERO BECEIRO	SEN XORNADA	8.928€	0	8.928€
PABLO NÉBRIL LÓPEZ	SEN XORNADA	8.928€	0	8.928€
INDEMNIZACIÓNS VARIAS (LOCOMOCIÓN, DIETAS, ACTOS PROTOCOLARIOS...)		38.900€	0	38.900€
<b>COSTE TOTAL GOBERNO PP 2014</b>				<b>182.470€</b>

Si a estes gastos lle sumamos os miles de euros gastados en obras innecesarias e adxudicadas curiosamente sempre ou case á mesma empresa, de fóra, na vila non debe haber!!, os cartos tirados na praia que segue sen solución, o aluguer dun baixo na Praza Roxa cando xa hai un local público coa mesma función, os **18.000 euros das festas sen xustificar**, a suba de todos os impostos municipais para manter todo iso... **Saiunos bastante máis cara a maioría absoluta do PP ca ningún outro goberno.**

As súas repetidas promesas electorais lévaas o vento e en canto remate a campaña quedan no caixón ata a próxima.

Intentan meternos medo con:” ou eles ou o tripartito”, hai máis formas de goberno e ademais dos erros do tripartito todos aprendimos e o pobo nas furnas quitoulle o goberno, iso é a democracia, e **agora o que toca e botar ao PP, dicirlles cos nosos votos que o fixeron mal e que non os queremos gobernando.**

**Medo dános que volvan a ter maioría absoluta e que contraten a unha empresa cun accionista maioritario corrupto para facer o porto deportivo, son o PP, o mesmo de Bárcenas, Blesa, Rato, a tropa de Valencia, Correa....**

**Este é o momento de pararlles os pés, depende de nós.**